

## **BENVIDA Á FACULTADE**

Independentemente da Titulación que estudies (Mestre, Educación Social, Traballo Social ou Psicopedagogía), a Facultade ten a túa disposición unha serie de espazos e servizos comúns que poderás coñecer a través da Guía de Titulación que desde o ano 2003 se publica na páxina web da Facultade [webs.uvigo.es/educación-ou](http://webs.uvigo.es/educación-ou).

Para entrar nela, podes utilizar os ordenadores que hai na sala do primeiro andar ou na Aula de Informática do terceiro andar. Esta mesma información está tamén á túa disposición a través de diversas vías: na conserxería, no taboleiro de anuncios da planta baixa, ou na Delegación de Alumnos.

Neste mesmo edificio (Edificio Facultades), poderás solicitar información relacionada co Centro na Secretaría, no 1º andar. Tamén o Decanato está a túa disposición no 4º andar.

O decano é o profesor de Educación Social: Xosé Manuel Cid Fernández. Os vicedecanos son os profesores Ramón Angel Fernández Sobrino e José Lois Vázquez de Maxisterio; Mercedes Suárez Pazos de Psicopedagogía e Ana B. Méndez Fernández de Traballo Social. O secretario da Facultade é o profesor de Maxisterio, José Luis Fernández Méndez.

Nos edificios de Pedra colindantes encontrarás a información xeral da Universidade, particularmente a relativa a cultura e deportes, así como as sedes dos Departamentos de: Didácticas Especiais, Análise e Intervención Psicopedagóxica (AIPSE), Historia, e Didáctica, Organización Escolar e MIDE. Tamén os despachos dos profesores e profesoras da Facultade.